

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015524	CPR Plurilingüe Vilas Alborada	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	2º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

1. Introducción

Este curso, por tratarse do curso de 2º de Primaria, esta asignatura rexirase pola normativa da LOMLOE, e polo currículo establecido no DECRETO 155/2022, do 15 de setembro.

Esta área cambia a súa denominación e pasa a chamarse Educación Plástica e Visual. Fálase ademais neste novo currículo da importancia desta asignatura no desenvolvemento do noso alumnado. “A educación artística é de especial relevancia na educación primaria xa que, segundo indican os avances na neurociencia e nas ciencias da educación, contribúe ao desenvolvemento global do alumnado en múltiples dimensións: sensorial e psicomotriz, a través do desenvolvemento da percepción e da motricidade; intelectual, a través da potenciación da intelixencia, do pensamento crítico, da atención e da memoria a curto e longo prazo; social e comunicativa, estimulando a expresividade, a sensibilidade social e as capacidades comunicativas; emocional e afectiva, favorecendo o desenvolvemento da sensibilidade estética e da emotividade; estética e creativa, a través da estimulación da imaxinación, da creatividade e da autonomía. En consecuencia, a educación artística desencadea mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumnado, tanto de xeito individual coma grupal”. (Decreto 155/2022)

Ademais, o noso centro é de carácter plurilingüe, sendo éstos centros nos que se imparten nunha lingua estranxeira áreas ou materias non lingüísticas, cun máximo dun terzo do horario lectivo, e dirixido a todo o alumnado do nivel educativo obxecto do programa plurilingüe. No noso caso, as áreas escollidas son Educación Plástica e visual e Educación Física, impartidas ámbas en inglés.

En canto á estrutura do currículo da área de Educación Plástica e Visual, establécense catro obxectivos da área que podemos definir como aquelas aprendizaxes competenciais ás que esta área contribúe de forma máis directa. O grao de adquisición destes obxectivos determínase a través dos criterios de avaliación que aparecen directamente vinculados a eles e que inclúen aspectos relacionados cos coñecementos, coas destrezas e coas actitudes necesarias para a súa consecución por parte do alumnado.

A área de Educación Plástica e Visual disporá, no 2º curso de Educación Primaria, dunha hora semanal

Con isto, deseñarase unha temporalización na que se integren as diferentes dimensións a traballar (plástica, fotográfica, cinematográfica e mediática) e se teñan en conta os catro bloques fundamentais:

Educación plástica e visual: percepción e análise, Educación plástica e visual: creación e interpretación, Educación audiovisual: percepción e análise e Educación audiovisual: creación e interpretación.

Esta programación consta de 5 UDIS que teñen en conta estas dimensións ao meso tempo que se traballa de xeito interdisciplinar o noso PDI de centro (Multiculturalidade, "De aquí e de acolá"), as conmemoracións, e o Proxecto Competencial que relaciona este curso Horta e Arte.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Pantone color carne	Dentro do noso proxecto de Semana Cultural sobre a diversidade cultural e a interculturalidade, ten cabida esta unidade cultural inspirada na obra da fotógrafa brasileira Angelica Dass que co seu proxecto Humanae, ten unha colección de 4.000 retratos que mostran a diversidade humana baixo a paleta de cores Pantone. Pretendemos concienciar ao alumnado sobre a diversidade e o respecto pola mesma a partir do traballo desta artista e do seu propio traballo de investigación e reflexión.	20	5	X		
2	Cun 6 e un 4 facemos un AUTORRETRATO!	Xs nenxs vivenciarán e participarán nunha serie de propostas sensoriais e de observación e exploración do esquema corporal, especialmente do rostro humano, para chegar ata o "autorretrato".O punto de partida será un cadro exposto nunha exposición na escola, así como a historia que fará de fío conductor e guiará ós nenxs a través das distintas actividades e propostas.3º trimestre (unha sesión semanal) e relacionarase coa temática anual da Semana Cultural sobre a interculturalidade, así coma cos proxectos de outras áreas coma Ciencias Sociais ou conmemoración tales coma as Letras Galegas.	20	5			X
3	Mulleres na arte	Seguindo co centro de interese da Semana Cultural do curso pasado, con temática sobre Galicia, e enlazando co do presente curso (interculturalidade) preténdese poñer ao alumnado en contacto con dúas visións distintas da nosa realidade, así como familiarizalos coa vida e obra de dúas artistas: Maruja Mallo, galega e grande expoñente do surrealismo (céntrándonos só na súa faceta como pintora), Julia Minguillon, pintora galega de estilo figurativo e realista,e Ouka Leele, madrileña vinculada ao Pop Art (na súa faceta como fotógrafa). Preténdese que entendan a pintura e fotografía como unha forma de arte, valorar a cultura galega e manifestar a súa opinión e preferenzas respecto ao arte. Farase fincapé no retrato nos 3 casos ao obxecto de expresar as semellanzas e diferenzas, emprego de vocabulario topolóxico, creación de retratos tratando de emular as técnicas pictóricas e fotográficas	15	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Mulleres na arte	observadas, sensacións e sentimentos que espertan en nós ao contemplalas, partes do rostro, etc.	15	6		X	
4	Arte e Estacións do Ano: Explorando a Natureza e a Creatividade	Nesta unidade didáctica, mergullarémonos na fascinante relación entre o arte e as estacións do ano. Descubriremos como os cambios na natureza ao longo das estacións inspiraron e influenciaron a creatividade humana ao longo da historia. Exploraremos diferentes técnicas e animaremos aos estudantes a expresar a súa propia interpretación artística das estacións, permitíndolles conectar co mundo natural que os rodea de maneira creativa e significativa. Ao longo desta unidade, mergullarémonos nas tonalidades do outono, nas cores frías do inverno, na luz da primavera e na vitalidade do verán, todo a través da perspectiva do arte e da imaxinación.	20	9	X	X	X
5	Sementando arte	Esta unidade didáctica de Plástica relacionada co proxecto competencial do centro sobre produtos da horta escolar e a súa vinculación co arte, é unha oportunidade para explorar a creatividade do alumnado a través da natureza que nos rodea. Nesta unidade, descubriremos como os produtos frescos da nosa horta pódense empregar para traballar a nosa imaxinación e expresión artística. Conectar a arte coa agricultura ensínanos a apreciar a beleza na vida cotiá e a valorar a importancia da sustentabilidade.	25	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Pantone color carne	5

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores das diferentes peles	TI	100
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	É capaz de buscar información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais de forma básica e guiada, tanto de maneira individual como colaborativa, utilizando canles e medios de acceso sinxelos.		
CA1.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Desenvolve a capacidade de identificar o significado das obras fotográficas da fotógrafa Angelica Dass, compartindo sensacións, identificando as técnicas empregadas e destacando as diferenzas e similitudes presentes nas súas fotografías.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Traballa de forma grupal na elaboración dun mural e participa na toma de decisións e respecta a opinión dos demais.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comprende e explica o traballado na aula sobre a obra de Angelica Dass		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e valora as obras dos demais		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñece e lembra os datos máis relevantes das obras da fotógrafa traballadas na aula.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Recoñece e toma como referencia a obra da fotógrafa para elaborar un mural con diferentes tonalidades de pel		
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comprende e emprega termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Manexa o ordenador de xeito que consegue xenerar retratos dixitais sinxelos		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Comprende e explica aos demais o visto e oído despois dunha presentación audiovisual da artista		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Distingue as diferentes tonalidades do mural final		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e interésase polas producións alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Recoñecer e interpretar imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

UD	Título da UD	Duración
2	Cun 6 e un 4 facemos un AUTORRETRATO!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as obras propias e alleas	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza retratos empregando as cores axeitadas e as formas aprendidas nas unidades anteriores		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Traballa de forma eficaz e é quen de tomar decisións e respecta a opinión dos demais.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comprende e explica o traballado na aula sobre as técnicas de elaboración dun autorretrato.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e valora as obras dos demais		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece algunhas obras artísticas sobre retratos e aplica algúns dos coñecementos adquiridos nas composicións plásticas que realiza.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Emprega as liñas, cores e as súas mesturas, experimentando con elas para completar debuxos ou facer producións sinxelas no ordenador.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Desenvolve a capacidade de elaborar autorretratos, experimentando con diferentes técnicas plásticas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica a través do uso das TIC.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

UD	Título da UD	Duración
3	Mulleres na arte	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Manexa en producións propias as principais características das obras das artistas traballadas	TI	100
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	Recoñece e describe as principais características das obras traballadas		
CA1.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Desenvolve a capacidade de identificar o significado das obras, compartindo sensacións, identificando as técnicas empregadas e destacando as diferenzas e similitudes presentes.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Traballa de forma grupal na elaboración de obras artísticas e participa na toma de decisións e respecta a opinión dos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Participa activamente nun proxecto cooperativo de creación artística que incorpore elementos básicos da linguaxe plástica e visual, colaborando coas súas compañeiras e compañeiros para lograr unha produción cultural significativa.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comprende e explica o traballado na aula sobre a obra de 3 artistas		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e valora as obras dos demais		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece algunhas obras artísticas traballadas na UDI e aplica algúns dos coñecementos adquiridos nas composicións plásticas que realiza.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Coñece e lembra os datos máis relevantes das obras das fotografías e pintoras traballadas na aula.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Busca, identifica e reconece o traballo de tres mulleres artistas plásticas de relevancia histórica e contemporánea.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Empregar as técnicas e conceptos aprendidos durante a unidade para expresar as súas propias ideas e emocións a través das artes plásticas, demostrando unha comprensión sólida dos elementos esenciais da linguaxe visual.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa as súas propias ideas e emocións a través das artes plásticas		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Colabora de forma eficaz nun proxecto de creación artística en equipo, respectando as ideas e contribucións de todos os membros do grupo e contribuíndo ao éxito global do proxecto.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Crea unha produción audiovisual relacionada coas mulleres artistas estudadas, que inclúa elementos visuais e narrativos coherentes, demostrando a súa capacidade para contar unha historia ou transmitir unha mensaxe artística de forma efectiva.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Presenta e explica as súas propias obras artísticas de forma clara e reflexiva, comunicando as súas ideas, inspiración e intención artística de maneira coherente e persuasiva.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Reflexiona criticamente sobre a relación entre arte e igualdade de xénero, identificando desafíos e oportunidades para as mulleres artistas na sociedade contemporánea.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Recoñecer e interpretar imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Recursos dixitais básicos para as artes audiovisuais. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

UD	Título da UD	Duración
4	Arte e Estacións do Ano: Explorando a Natureza e a Creatividade	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Reflexiona sobre a importancia do respecto mutuo e a colaboración no traballo en grupo, recoñecendo como estas habilidades son esenciais tanto no ámbito artístico como na vida cotiá.	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea obras artísticas inspiradas nas diferentes estacións, utilizando elementos visuais e técnicas artísticas adecuadas para representar as características únicas de cada estación.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Explora a conexión entre as emocións humanas e as estacións do ano a través da arte.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comunica as súas ideas e interpretacións artísticas relacionadas coas estacións do ano de forma clara e persuasiva, fomentando o diálogo e a reflexión crítica na clase.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Recoñece e valora as diferentes perspectivas e ideas dos seus compañeiros e compañeiras en relación ao tema do arte e as estacións do ano, demostrando un alto nivel de respecto e tolerancia nas discusións en grupo.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Recoñece e valora as diferentes perspectivas e ideas dos seus compañeiros e compañeiras en relación ao tema do arte nas estacións do ano e a producións audiovisuais.,		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crear obras artísticas (tamén audiovisuais) inspiradas nas diferentes estacións, utilizando elementos visuais e técnicas artísticas adecuadas para representar as características únicas de cada estación.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Presenta e comparte o traballo en grupo coa clase de forma efectiva, destacando o proceso de colaboración e resaltando a diversidade de ideas e enfoques presentes na obra		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e interésase polas producións alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

UD	Título da UD	Duración
5	Sementando arte	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Reflexiona sobre a importancia do respecto mutuo e a colaboración no traballo en grupo, recoñecendo como estas habilidades son esenciais tanto no ámbito artístico como na vida cotiá.	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea obras artísticas inspiradas nos diferentes elementos da horta, utilizando elementos visuais e técnicas artísticas axeitadas e creativas..		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Explora a conexión entre as emocións humanas e a natureza a través da arte.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comunica as súas ideas e interpretacións artísticas relacionadas coa horta e agricultura de forma clara e persuasiva, fomentando o diálogo e a reflexión crítica na clase.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Recoñece e valora as diferentes perspectivas e ideas dos seus compañeiros e compañeiras		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece algunhas obras artísticas traballadas na UDI e aplica algúns dos coñecementos adquiridos nas composicións plásticas que realiza.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Recoñece e valora as diferentes perspectivas e ideas dos seus compañeiros e compañeiras en relación ao tema do arte relacionado coa horta e a producións audiovisuais.,		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea obras artísticas (tamén audiovisuais) inspiradas na horta escolar, utilizando elementos visuais e técnicas artísticas adecuadas para representar as características únicas de cada estación		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Presenta e comparte o traballo en grupo coa clase de forma efectiva, destacando o proceso de colaboración e resaltando a diversidade de ideas e enfoques presentes na obra		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Crea unha produción audiovisual relacionada coa horta e a arte, que inclúa elementos visuais e narrativos coherentes, demostrando a súa capacidade para contar unha historia ou transmitir unha mensaxe artística de forma efectiva.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Presenta e comparte o traballo en grupo coa clase de forma efectiva, destacando o proceso de colaboración e resaltando a diversidade de ideas e enfoques presentes na obra		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Demostra respecto e responsabilidade no coidado da horta escolar, comprendendo a importancia da sustentabilidade e a conexión entre o coidado da natureza e o traballo artístico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na cont - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.

Contidos

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.
- Ferramentas adecuadas para o rexistro da imaxe e do son: manexo. Programas informáticos sinxelos de debuxo: inicio de forma guiada no seu uso.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía é un dos elementos do currículo a tratar no seu artigo 5.4 da Educación Plástica e Visual coma orientacións pedagóxicas. Pero non está configurada como un elemento curricular prescritivo, polo que cada mestre poderá modificala atendendo ás características do seu alumnado.

Desde esta perspectiva teremos en conta os valores creativos e expresivos (x nenx debuxa, pinta, modela, etc.), e os valores perceptivos (x nenx tamén contempla debuxos, cadros, esculturas, fotografías,...). As linguaxes artísticas traballaranse a través de técnicas e procedementos diversos dunha forma máis dinámica y creativa.

Tomaremos ademais man dos contos, coma fío motivador e presentador da actividade en moitas das sesións.

É fundamental para a adquisición da Competencia artística promover diversas experiencias e ter en conta a participación activa e a motivación do alumnado dende a propia vivencia (As situacións de aprendizaxe deben estar vinculadas a contextos próximos ao alumnado que favorezan a aprendizaxe significativa e esperten a súa curiosidade e interese polas artes plásticas, visuais e audiovisuais.). Deste modo, aplicando as estratexias necesarias (manipulación, exploración, investigación...) creará as súas propias producións artísticas tanto en tarefas individuais coma en colectivas, permitindo así a capacidade de aprender a aprender, co fin de que os coñecementos adquiridos poidan ser utilizados en novas aprendizaxes.

Comezarase con explicacións de termos propios desta área, e farase en

lingua Inglesa.

Estas clases serán impartidas, dentro do noso plan coma colexio plurilingüe, en inglés. Algunhas das explicacións e indicacións que faremos ao alumnado terán que ser acompañadas dunha linguaxe xestual e incluso do apoio da lingua materna.

Ademais, este ano seguiremos potenciando o uso de materiais de refugallo, promovendo unha actitude respetuosa co medio ambiente.

Pero tamén se fomentarán hábitos e estratexias de uso ante as novas tecnoloxías, polo que trataremos de familiarizar aos alumnxs con ferramentas virtuais e aplicacións facilitadoras da actividade plástica.

Relacionaremos as actividades plásticas con normas de hixiene, coidados previos e posteriores do material dunha maneira así lúdica e educativa.

Con motivo da Semana Cultural deste curso sobre a Interculturalidade, preténdese poñer ao alumnado en contacto coa vida e obras de diferentes artistas de todo o mundo e xénero, pero promovendo principalmente figuras galegas, costumes tradicionais con enfoque artístico, coñecemento de diferentes manifestacións culturais (escultura, fotografía, pintura, artesanía...). O obxectivo é que entendan todas estas coma unha forma de arte, que sexan capaz de distinguir diferentes tipos de obras, valorar a cultura intercultural así coma a galega e manifestar a súa opinión e preferenzas respecto ao arte.

Tamén se traballará de maneira cooperativa integrando os contidos da materia co Proxecto Competencial do curso, relacionado coa horta e a arte.

Farase unha lectura e uso de material de apoio, do artista e obra que queremos traballar (tamén mediante o ordenador ensinaráselles outras obras comparativas), para posteriormente proporlles unha actividade de creación propia baseada nas técnicas dese autor.

En cada unha das actividades guiaráselles, tanto na observación como na planificación da mesma.

Nos traballos que ademais sexan cooperativos, estableceranse normas conxuntas de actuación e de convivencia para que esta sexa axeitada.

Básicamente, a metodoloxía principal, presente nesta área será áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa,

motivadora, lúdica e amena. Sempre posibilitando ao alumnado a realización do traballo na aula de xeito individual, en parellas estratéxicas, en pequenos grupos ou en grupo grande, nas que se propicien situacións que de comunicación espontánea do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Elementos da natureza: pedras, follas, froitos, ...
Horta escolar
A contorna
Bloc do alumnado
Material de refugallo: corchos, botes, lá...
Elementos moldeables: arame, plastilina, barro,
Material impreso
Pizarra dixital interactiva e material dixital.
Prensa, revistas.
Tablets
Materiais funxibles: cartolinas, folios, lápices, ceras, rotuladores, témperas. acuarelas... ¿
Láminas murais
biblioteca do centro e de aula

O alumnado que se escolariza no segundo curso de educación primaria, con idades entre os 6 e os 8 anos atópase no inicio das operacións concretas que nos describe Jean Piaget na súa obra Seis estudos de psicoloxía, do ano 1964. Este estadio de evolución presenta como principal característica o feito de que o pensamento e o razoamento está ligado ós materiais tanxibles e ó momento concreto no que se atopan, polo que o seu uso é considerado vital.

Os materiais empregados cumprirán os principios de integración e adaptación ás características do alumnado, podendo ser modificados en calqueira momento.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O construtivismo é a filosofía que respalda a filosofía pedagóxica do noso centro, sendo unha das máximas deste sistema a realización de avaliacións iniciais, quedando plasmado na frase dun dos pais desta corrente psicopedagóxica,

"Averígüese o que coñece o alumnado e óbrese en consecuencia" (David Ausubel)

Tendo isto en conta, e dado o carácter formativo e continuo da avaliación, esta ha de extenderse ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Así, na programación prevese a realización de dous tipos de avaliacións iniciais:

Avaliación inicial de curso: orientada ó diagnóstico de dificultades e centrándose nos obxectivos do curso pasado. Para esta avaliación empregaranse diferentes instrumentos de avaliación

Avaliación inicial de unidade didáctica: ó comezo de cada unha das 5 unidades didácticas empregaranse actividades concretas que teñen por obxectivo averiguar que coñece o alumnado antes de comezar co groso dos contidos. O seu obxectivo é determinar o nivel exacto de coñecemento do propio alumnado.

Os instrumentos que se utilizarán para a avaliación inicial

serán os seguintes:

- Observación directa
- Atención no cumprimento dos obxectivos concretos
 - Observación do comportamento nos xogos de preguntas e de avaliación
- Anecdótico
- Apuntamento de situacións excepcionais da actividade diaria
- Bloc do alumnado
- Compilación de tódolos traballos artísticos plásticos
- Recollida dos debuxos libres

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	15	20	25	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES TANTO A NIVEL INDIVIDUAL COMO COOPERATIVO PRESENTACIÓN E LIMPEZA: 40%
 CREATIVIDADE: 25%
 COMPORTAMENTO, ESFORZO E INTERESE. BO USO DO MATERIAL: 35%

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non acadase os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nunha actividade práctica relacionada coas UD do Trimestre, como realizar unha pintura ou debuxo que represente unha escena da natureza, utilizando cores e técnicas aprendidas nas unidades.

Esta actividade permite aos estudantes practicar e demostrar a súa comprensión dos conceptos e habilidades traballados na unidade de Plástica.

Ademais, se estes obxectivos non fosen acadados trimestralmente, poderán ser avaliados de cara á avaliación final.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención a diversidade pretenden a atención personalizada e individualizada do alumnado, facendo polo tanto actividades de reforzo e ampliación segundo as necesidades que xurdan.

Adaptación de Materiais: Proporcionar materiais e ferramentas adaptadas ás necesidades individuais dos estudantes, incluíndo materiais de agarre fácil para aqueles con dificultades motoras.

Flexibilidade na Avaliación: Axustar os criterios de avaliación para reflectir as capacidades e logros de cada estudante, tendo en conta as súas diferenzas individuais.

Traballo en Grupo Mixto: Fomentar a formación de grupos heteroxéneos para proxectos artísticos, de maneira que os estudantes poidan aprender uns dos outros e desenvolver habilidades sociais.

Instrución Diferenciada: Ofrecer instrución diferenciada para adaptarse a diferentes estilos de aprendizaxe, proporcionando opcións como a lectura en voz alta, vídeos explicativos ou actividades prácticas segundo sexa necesario.

Tempo Adicional: Ofrecer tempo adicional para completar tarefas ou proxectos, especialmente para aqueles estudantes que poidan necesitar máis tempo debido a necesidades especiais.

Apoio Individualizado: Ofrecer apoio individualizado, xa sexa a través de mestres de apoio, terapeutas ocupacionais ou especialistas en educación especial, para estudantes con necesidades específicas.

Ampliar as Fontes de Inspiración: Presentar aos estudantes unha variedade de artistas e movementos artísticos que reflexen diversas culturas e perspectivas, promovendo así a inclusión e a apreciación da diversidade.

Apoio Visual: Utilizar axudas visuais, como imaxes e diagramas, para facilitar a comprensión de conceptos artísticos e técnicas, especialmente para estudantes con dificultades de lectura ou comprensión.

Comunicación Aberta: Manter unha comunicación aberta e continua cos pais ou tutores para asegurar que se están a abordar axeitadamente as necesidades individuais dos estudantes.

Aprendizaxe Autodirixida: Fomentar a aprendizaxe autodirixida e a toma de decisións en proxectos artísticos, permitindo aos estudantes elixir temas e métodos que lles interesen e lles motiven.

Estas medidas axudarán a crear un ambiente inclusivo na clase de Educación Plástica e Visual e garantirán que todos os estudantes teñan a oportunidade de participar e aprender de acordo coas súas habilidades e necesidades individuais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Educación Ambiental				X	X
ET.2 - Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos	X		X		
ET.3 - Educación en Valores	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a Igualdade de Xénero			X		
ET.5 - Educación para a Saúde				X	X
ET.6 - Educación Dixital e Competencia Dixital	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación na Diversidade e Inclusión	X		X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.8 - Educación para o Consumo Responsable					X
ET.9 - Educación en Xestión Emocional	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en Concursos de Arte	Animarase aos estudantes a participar en concursos de arte locais ou nacionais para amosar o seu talento e competir nun contexto máis amplo.	X	X	X
Arte ao Aire Libre	Realizaranse actividades de arte ao aire libre, como pintar paisaxes naturais, esculturas efémeras con elementos naturais ou murais en áreas exteriores da escola.	X	X	X
Talleres de Arte con Artistas Invitados	Convidar a artistas locais á escola para realizar talleres prácticos cos estudantes e compartir as súas experiencias e técnicas.	X	X	X
Semana Cultural: de aquí e de acolá	Realización de actividades artísticas que teñan relación coa interculturalidade e que acheguen ao alumnado a outras culturas e tradicións, ao mesmo tempo que se promove o respecto polas mesmas	X	X	X
Proxecto competencial	Traballo en coordinación co titor para traballar no proxecto deste curso sobre horta e arte	X	X	X
Conmemoracións	Abordaranse as conmemoracións de maneira integral e colaborativa dentro da área de Plástica	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Integración de Aprendizaxes Transversais: A mestra incorpora aprendizaxes transversais, como valores, cultura, medio ambiente e outros temas relevantes, nas súas leccións de arte.
Metodoloxía empregada
Deseño de Lección Creativa: A mestra planifica e imparte leccións creativas que involucran a todos os estudantes e fomentan a súa participación activa nas actividades artísticas.
Facilitación do Proceso Creativo: A mestra axuda aos estudantes a desenvolver a súa creatividade e expresión artística, proporcionando orientación e feedback construtivo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Uso de Materiais Diversificados: A mestra fomenta a exploración de diferentes materiais e técnicas artísticas, proporcionando acceso a unha variedade de recursos e materiais de arte.

Medidas de atención á diversidade
Adaptación ás Necesidades Individuais: A mestra adapta as súas leccións e actividades para atender ás necesidades e estilos de aprendizaxe individuais dos estudantes.
Clima de traballo na aula
Promoción de Valores e Ética Artística: A mestra fomenta valores como o respecto polo traballo propio e alleo, o coidado dos materiais e a valoración da diversidade de perspectivas artísticas.
Feedback Eficaz: A mestra proporciona feedback claro e construtivo sobre o traballo dos estudantes, identificando áreas de mellora e recoñecendo os logros individuais.
Outros
Incorporación de Tecnoloxías: A mestra utiliza as tecnoloxías de información e comunicación (TIC) para enriquecer as leccións e fomentar a alfabetización dixital dxs estudantes.
Promoción da Autoestima Artística: A mestra traballa para aumentar a autoestima dxs estudantes en relación coa súa creatividade e habilidades artísticas, valorando e celebrando as súas creacións.
Reflexión e Mellora Continua: A mestra reflexiona sobre a súa propia práctica docente e busca oportunidades de mellora para ofrecer unha experiencia de aprendizaxe máis enriquecedora para os estudantes.

Descrición:

A práctica docente na área de Educación Plástica e visual en 2º de Primaria é fundamental para fomentar a creatividade, a expresión artística e o desenvolvemento integral dos estudantes. Nesta etapa crucial, o profesor xoga un papel vital na inspiración dos seus alumnos e no fomento dun ambiente de aprendizaxe enriquecedor. A través dos seguintes indicadores de logro, poderemos avaliar a calidade da práctica docente, asegurando que se proporcione unha educación artística significativa e estimulante que enriqueza as vidas dos nosos estudantes.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Pasos para o seguimento e avaliación Docente:

1. Recopilación de Evidencias: O primeiro paso é recoller evidencias da práctica docente. Isto pode incluír exemplos de leccións planificadas, materiais didácticos utilizados, traballo dos estudantes, avaliacións, e moitos outros documentos relacionados co ensino de Educación Plástica e Visual.

2. Reflexión Individual: A mestra adicará tempo para unha reflexión individual sobre a súa práctica. Pensando nas metas, estratexias de ensino e na forma de interacción cxs estudantes. Poderase incluír unha lista cos puntos fortes e áreas de mellora percibidas.

3. Autoavaliación coa axuda de compañeirxs de claustro: Tamén é beneficioso buscar a opinión de compañeirxs docentes, especialmente aqueles que ensinan a mesma materia ou nivel. Compartir as videnceas e reflexións persoais con eles e pedir unha avaliación honesta e construtiva.

4. Análise de Resultados dos Estudantes: Examinaranse os resultados dxs estudantes en relación coas metas establecidas para o curso. Isto pode incluír a revisión das súas creacións artísticas, participación en clase, e calificacións.

5. Identificación de Áreas de Mellora: Utilizaranse as evidencias anteriores e as opinións dos mestres do centro para identificar áreas específicas de mellora na práctica docente.

6. Enquisas ao alumnado: As enquisas ao alumnado realizaranse cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, preguntas de escala sinxelas acorde á idade do alumnado.

Propostas de Mellora:

1. Diversificación de Materiais e Recursos: Para mellorar a práctica docente, procurarase diversificar os materiais e recursos utilizados en clase para satisfacer as necesidades e intereses variados dos estudantes.

2. Planificación de Leccións Personalizada: Adaptar a planificación de leccións para abordar as áreas nas que xs estudantes necesiten un apoio adicional ou un reto máis alto.

3. Comunicación Efectiva: Traballarase na comunicación coa comunidade escolar, mantendo ás familias informadas sobre os obxectivos e progreso dos estudantes en Educación Plástica e Visual.

4. Formación Continua: Investigarase oportunidades de formación profesional ou talleres relacionados co ensino

da arte e a educación plástica para ampliar as habilidades e coñecementos pedagóxicos.

5. **Avaliacións Significativas:** Buscaranse os métodos de avaliación máis axeitados para asegurar que sexan significativos e alineados cos obxectivos de aprendizaxe. Incluirase retroalimentación construtiva nos traballos do alumnado.

6. **Seguimento de Metas Persoais:** Estableceranse metas persoais para a práctica docente e realizarase un seguimento regular para avaliar o progreso.

9. Outros apartados